XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN TELMO DE PORTO DO SON (2020-2021)

Documento informativo para a divulgación do Proxecto

Este documento pódese visualizar en:
https://www.lonxasgalegas40.gal/portodoson/es

MARCO NORMATIVO

O Proxecto **CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN TELMO DE PORTO DO SON** enmárcase na Orde do 23 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental. Esta Orde foi publicada no DOG Nº 92, o mércores 13 de maio de 2020.

As **porcentaxes de cofinanciamento** das axudas son do **75 % con fondos FEMP e do 25 % pola Comunidade Autónoma**. (artigo 3º.7)

No artigo 4º.1 da citada Orde indica que poderán ser beneficiarias das subvencións as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais do sector e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que desenvolvan as súas actividades profesionais no sector pesqueiro e teñan a sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Poderán ser obxecto de subvención, de conformidade co artigo 6º desta orde, as accións colectivas que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto a protección e a recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como o fomento da sensibilización ambiental.

Os **proxectos obxecto de subvención** serán proxectos colectivos que se centren nas zonas costeiras de interese para a produción ou reprodución dos organismos mariños, que fomenten a xestión sustentable, a conservación e a protección dos hábitats e das especies. Actividades que realizarán as entidades beneficiarias dentro do ámbito que lles corresponda:

a) Elaboración e seguimento dos plans de coxestión de recursos mariños vivos. Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade, nos lugares da Rede Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de importancia para os organismos mariños.

b) Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños. Análise dos descritores definidos na Directiva marco sobre a estratexia mariña. Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras. Seguimento e vixilancia dos hábitats e das especies. Cartografado da actividade

extractiva realizada polos socios da entidade. Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tamaños.

c) Formación dos/das pescadores/as orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven.

d) Aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos/das pescadores/as, e poderanse incluír campañas de divulgación.

e) Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ao INTECMAR para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras.

f) Operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies, que se levarán a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca.

COFRADÍA DE PESCADORES SAN TELMO DE PORTO DO SON

A Confraría de Pescadores "SAN TELMO" de PORTO DO SON, (A Coruña), é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar, para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lle están encomendadas, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola e representa os intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, sen prexuízo da representación que posúen as organizacións de empresarios e traballadores da pesca, de acordo cos principios de observancia da legalidade, transparencia contable e democracia na súa estrutura interna e funcionamento.

Actualmente a confraría conta con 78 socios, deles 73 son do xénero masculino e 5 do xénero feminino.

O seu ámbito territorial comprende dende Punta Cabeiro ata Punta Sieira. Inclúese unha zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), que abarca dende o Castro de Baroña ata o límite sur da Confraría. As zonas ZEPVN son aqueles espazos dos que, polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegura-la súa conservación e non teñan outra protección específica. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos.



Fig. 1: Mapa do ámbito territorial da Entidade

Dentro do ámbito territorial da Confraría desenvólvese unha gran actividade da flota pesqueira operativa de baixura ou artesanal que traballa coas artes menores tales como nasas para nécora, nasas para polbo, miños, betas, trasmallos, liña, palangrillo, etc., na que traballan tódolos pescadores profesionais afiliados a Confraría e outros das Confrarías de Portosín e Noia (uns 200 aproximadamente).

Ademais, ten autorizados os seguintes **PLANS DE EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS ESPECÍFICOS:**

1. **Plan de Explotación de Percebe.**

Afecta directamente a 9 embarcacións nas que traballan 16 mariñeiros, e 6 mariscadores de "a Pé", facendo un total de 22 profesionais da extracción de Percebe

2. **Plan Conxunto de Explotación de Navalla-Longueirón das Confrarías de Porto do Son e Portosín**.

Afecta directamente a 8 embarcacións nas que traballan 17 mariscadores.

3. **Plan de Explotación de Poliquetos a Flote**
4. **Plan de Explotación de Poliquetos a Pé**

Os Plans de Explotación de Poliquetos afectan directamente a 2 embarcacións nas que traballan 4 mergulladores, e 4 mariscadores de "a Pé", facendo un total de 8 profesionais.

5. **Plan de Explotación de Ourizo**

O Plan de Explotación de Ourizo afecta directamente a 6 embarcacións nas que traballan 14 mergulladores.

Historial produtivo do percebe *

PERCEBE	*2010*	*2011*	*2012*	*2013*	*2014*	*2015*
Kg	*6.492,00*	*6.409,25*	*6.155,50*	*6.622,00*	*5.740,40*	*6.223,50*
ingresos	*181.564,60*	*172.644,00*	*146.755,45*	*131.421,70*	*123.058,20*	*146.520,60*

PERCEBE	*2016*	*2017*	*2018*	*2019*	*2020*
Kg	*6.412,00*	*7.807,00*	*6.593*	*6.496,40*	*4.511,50*
ingresos	*164.917.00*	*221.626,00*	*205.259*	*197.234,75*	*149.105,62*

**Inclúe produción a pé e a flote.*

Historial produtivo de navalla e longueirón

NAVALLA/LONG	*2010*	*2011*	*2012*	*2013*	*2014*	*2015**
kg	*12.891,00*	*13.503,00*	*17.493,50*	*27.114,00*	*35.964,00*	*17.053,00*
ingresos	*92.307,84*	*98.814,77*	*112.736,0*	*101.189,0*	*168.249,0*	*147.117,8*

NAVALLA/LONG	*2016*	*2017*	*2018*	*2019*	*2020*
kg	*27.155,00*	*23.208*	*28.812*	*25.287,50*	*28.630*
ingresos	*239,949,0*	*200.887,0*	*287.894*	*278.729,27*	*245.730*

**a diminución de produción debeuse a presenza de biotoxinas que impediron faenar moitos dias.* Plan conxunto das Confrarías de Porto do Son e Portosín a mergullo

Historial produtivo de poliquetos *

POLIQUETOS	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
unidades	115.350	130.700	303.820	279.600	238.500	215.200	182.500
ingresos	6.000	6.716	11.102	18.394	29.974	27.595	33.530

POLIQUETOS	2019	2020
unidades	233.156	86.102
ingresos	46.631	17.220

**A partir do ano 2014 ás 3 embarcacións con 9 mergulladores que extraian o recurso a flote se sumaron os 4 traballadores a pé duplicándose a produción. Actualmente son 2 embarcacións con 4 mergulladores y 4 mariscadores a pé.*

Historial produtivo de ourizo *

OURIZO	2021
kg	6.780
ingresos	51.029,70

**A extracción de ourizo non se realizaba dende o ano 2012.*

No seo da Confraría creouse unha **Agrupación de Recursos Específicos** a cal é a encargada de organizar e controlar as labores de vixilancia. Os mariscadores realizarán vixilancias en parellas, especialmente os fins de semana. Ditas vixilancias serán elaboradas mensualmente pola Xunta Directiva da Agrupación e serán de obrigado cumprimento para todos los mariscadores

Para mellorar a **optimización da produción** realízase a rotación de zonas ou especies explotadas, para elo solicítase a apertura de distintas zonas en diferentes meses e o mesmo tempo tamén se solicitará xunto coa apertura mensual o peche de determinadas subzonas dentro das mesmas para preservar o recurso. Así mesmo, para a extracción de solénidos realizase un Plan Conxunto coa Cofradía de Portosín co fin de evitar a sobreexplotación do recurso e mellorar a seguridade da vida humana no mar dos mariscadores que se dedican a esta actividade.

O **importe da subvención** concedida para a realización deste Proxecto foi de **52.416 €** e déuselle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado coa colocación de carteis nas oficinas da Cofradía así coma na páxina web: https://www.lonxasgalegas40.gal/portodoson/es

Fig. 2: Cartel publicitario da subvención concedida nas oficinas da Entidade.

OBXECTIVOS DO PROXECTO

O **obxectivo principal** é a protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, contribuíndo de xeito sustentable a mellorar a xestión e conservación dos recursos, para garantir una explotación responsable, equilibrada e sostible, que permita una viabilidade duradeira do sector pesqueiro e marisqueiro, así como a mellora das condicións de vida e traballo dos socios da Confraría que se dedican a esta actividade e que contribúan á conservación do medio mariño e as súas especies.

Os **obxectivos específicos** e necesidades para poder desenrolar o obxectivo principal son:

- **A vixilancia e control do acceso aos recursos mariños** coa contratación de dous Gardapescas Marítimos. A actividade inspectora dos servizos de vixilancia é unha das medidas máis efectivas para este fin, ademais de ser imprescindible na loita contra o furtivismo. Así mesmo, coa finalidade de mellorar as condicións de seguridade dos Gardapescas, adquiríronse dous equipamentos de posicionamento xeográfico para o seguimento de ditos efectivos de vixilancia.

- Asesoramento técnico para a **xestión, seguimento e control dos recursos mariños** coa contratación dunha bióloga que tamén se encarga da tramitación dos distintos procedementos en relación cos Plans de Explotación da entidade.

GARDAPESCAS MARÍTIMOS

A función principal dos Gardapescas Marítimos (especialidade da habilitación de garda particular de campo) é a **vixilancia** para **a protección da explotación dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda do medio mariño e as súas especies.** Operacións que se levarán a cabo, establecendo as condicións de acceso ás zonas de pesca.

Unha xestión adecuada para a conservación e explotación racional dos recursos pesqueiros e marisqueiros implica que se estableza **a planificación, organización, control e vixilancia sobre a extracción dos mesmos**.

A actividade inspectora dos servizos de vixilancia, que abarca os bancos naturais pertencentes ao ámbito territorial da Cofradía, é imprescindible na loita contra o **furtivismo**, algo primordial xa que senón todos os demais esforzos dirixidos á conservación, explotación racional e sostible dos recursos serían inútiles. Nos bancos percebeiros, tamén é fundamental a vixilancia para controlar a acción dos furtivos que, dotados de equipos de mergullo, esquilman as poboacións de percebes da zona sublitoral, acabando co stock de reprodutores e poñendo en perigo a continuidade dos bancos.

Así mesmo, outra das xestións máis importantes que desenvolven é o **control dos topes de capturas, horarios de traballo e zonas de extracción autorizadas**. Deste xeito establécense **Puntos de Control** onde se realiza a inspección dos topes de captura dos mariscadores tanto a pé como en embarcación.

Exercen o seu control na lonxa e puntos de control evitando que se vendan aquelas especies que non acaden a **talla mínima** de referencia e garantindo que os individuos que non acadan dito tamaño volvan ó seu lugar de procedencia.

Contribúen á **vixilancia epidemiolóxica** co envío de mostras ao INTECMAR para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras e exercen a **vixilancia ambiental** ante a aparición de contaminantes ou especies invasoras, que de ser o caso obrigarían a poñelo en coñecemento das autoridades locais correspondentes para a posta en marcha dunha acción inmediata de limpeza e eliminación do problemas e /ou dos focos que a causen.

Dan soporte á Asistencia Técnica na realización de mostraxes e demais actividades nas que se precise da súa colaboración.

Os Gardapescas tamén son os encargados da coordinación das gardas de vixilancia do percebe realizadas polos propios mariscadores así como de levar o control da súa asistencia.

Todas estas accións, realizadas coa contribución activa dos propios profesionais, referidas a xestión e control de acceso a determinados recursos marisqueiros fomentan a extracción dos recursos mariños dun xeito equilibrado e sostible que permite a mellora das condicións de vida de profesionais do sector de acordo cos principios inspiradores do FEMP e da PPC.

O persoal de vixilancia actuará baixo a supervisión do Servizo de Gardacostas e colaborará con este, así como coa Garda Civil, en todas aquelas accións na que é requirida a súa presencia no desempeño da actividade profesional. Tamén estará obrigado a remitirlle ao Servizo de Gardacostas os datos e informes que lles sexan requiridos.

Os informes que elaboran relativos á súa actividade desenrolada son os seguintes:

1. ACTAS DE DENUNCIA E INCAUTACIÓN POR EXTRACCIÓN ILÍCITA DE PERCEBE: Onde se reflexa o lugar e datos da inspección, identificación dos inspeccionados e se realiza unha descrición dos feitos e circunstancias acontecidas.

2. RECIBOS DE ENTREGA EN CENTROS BENÉFICOS DO MARISCO INCAUTADO: Indicando a especie, cantidade e centro benéfico de destino.

3. INFORMES DE CONTROL E INCIDENCIAS POR EXTRACCIÓN DE PERCEBE ILICITO

4. INFORME DE CONTROL E INCIDENCIAS POR EXTRACCIÓN DE MEXILLA.

5. PARTE DE PUNTO DE CONTROL DE PERCEBE: Faise constar a data e a hora do control realizado, o nome da embarcación ou mariscador controlado, os quilogramos e a zona de extracción.

6. PARTE SEMANAL DE VIXILANCIA: Faise constar a data, o horario da garda realizada, la zona de traballo e a actividade desenrolada.

7. PARTE DE ASISTENCIA DOS MARISCADORES ÁS GARDAS DE VIXILANCIA (asignadas por la directiva de la agrupación): onde se especifica o grupo de vixilancia, os datos persoais dos mariscadores, a súa firma e faise constar o lugar e hora de encontro para realizalo control.

8. INFORME MENSUAL DAS ACTIVIDADES DE VIXILANCIA: refléxanse as actividades realizadas mensualmente desglosadas por días e onde se dá conta, de xeito resumido, das actuacións desenvoltas durante a garda.

9. RESUMO MENSUAL: especificando o número total de actas de infracción, cantidade de percebe e útiles incautados no mes.

10. RESUMOS TRIMESTRAIS: coa mesma información que o resumo mensual pero ampliando o período a tres meses. Tamén se realizan os resumos trimestrais dos controis e das gardas de percebeiros.

Dende o 1 de xullo de 2020 ata o 31 de maio de 2021 leváronse a cabo un total das seguintes actuacións:

Actas de denuncia	20
Informes Garda Civil	3
Informes Gardacostas/Policía autonómica	2/1
Actas de Advertencia	0
Informes Control de Percebe	104
Control Gardas Percebeiros	24
Especies Incautadas (Kg)	87,95 kg percebe, 1.611 kg cría mexillón e 165 kg ourizo.
Útiles Incautados	9 raspas, 1 saco, 1 trueiro, 1 espátula, 1 trencha, 4 caldeiros, 1 tixeira, 2 alicates, 1 parafuso, 1 navalla, 1 salabardo, 1 rastrillo, 1 remolque, 8 barreños, 3 mochilas, 11 bolsas plásticas e 4 redes.

Todos os partes e informes que foron emitidos polos Gardapescas Marítimos durante este tempo, foron revisados pola Xunta Directiva da Agrupación de Recursos Específicos da Cofradía, órgano de goberno que tomou coñecemento de todo elo e da actividade de control do recurso realizada por los Servicios de Vixilancia. Así mesmo, enviouse copia por correo electrónico ao Xefe de Zona de Gardacostas de Galicia, ao Subdirector Xeral de Gardacostas e á Sala de Operacións.

Destacar tamén que, nesta convocatoria, co obxectivo de mellorar a coordinación e as condicións de seguridade do persoal de vixilancia, adquiriuse para cada un dos efectivos un sistema portátil de xeolocalización (GPS).

Sen lugar a dúbidas, co mantemento da actividade inspectora dos servicios de vixilancia mellorouse na xestión de control e acceso aos recursos específicos, sobre todo ao facela coincidir coas mareas, fins de semana e días festivos.

ASISTENCIA TÉCNICA

A función principal é o asesoramento técnico para a xestión, seguimento e control dos recursos mariños. Para realizar esta tarefa hai que basearse na análise de determinados indicadores de esforzo, capturas, ingresos, etc., analizando as súas tendencias e integrando toda a información dispoñible sobre aspectos biolóxicos, ecolóxicos, económicos e sociais implicados.

As **tarefas** que levou a cabo a Asistencia Técnica durante este período foron as seguintes:

A. En relación coa Administración

- Remisión mensual dos datos ao correspondente departamento territorial para que se aproben as solicitudes de apertura mensuais dos recursos específicos.

- Envío de mostras do estado sanitario de augas e especies marisqueiras ao INTECMAR.

- Vixilar e informar de calquera actuación antropoxénica realizada na zona costeira do ámbito da nosa entidade que poida causar problemas aos ecosistemas mariños, así como da existencia de posibles episodios de elevadas mortalidades, debendo visitar a zona o antes posible para observar os posibles indicios que faciliten o diagnóstico da situación.

- Seguimento e aplicación das instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para a implantación e seguimento das medidas de xestión.

- Remisión de informes das mostraxes, así como colaboración no seu deseño, aos servizos técnicos da Consellería do Mar (bióloga de zona).

- Coordinación dos traballos a realizar coa Bióloga de Zona da Consellería do Mar (Xefatura Comarcal de Ribeira). A asistencia técnica ten que traballar en estreita colaboración coa bióloga de zona da Administración Pesqueira facilitando toda canta información estea dispoñible para que a xestión dos recursos marisqueiros sexa o mellor posible.

B. En relación coa Entidade

- Asesoramento para a explotación do recurso.

- Elaboración, xestión técnica e seguimento dos Plans de Explotación que presenta a entidade así como a tramitación dos distintos procedementos en relación a ditos Plans.

- Elaboración das propostas de obxectivos para os próximos Plans de Xestión de Recursos Específicos 2022-2024.

- Implantación de medidas técnicas para a mellora da xestión dos recursos mediante a realización de estudos previos, recompilación de información e tratamento de datos sobre a produción, control de capturas e tallas.

- Supervisión e remisión ás autoridades competentes dos informes realizados polos Gardapescas Marítimos da Confraría así como a correspondente tramitación das Actas de Incidencia.

- Apoio nas tarefas técnicas e de xestión diarias da Cofradía, cando sexa necesario.

C. Recompilación, análise e tratamento de datos

- Mensualmente vértese á FTP toda a información actualizada das capturas nos AT2, controis de talla, mostraxes e demais actividades realizadas. As follas AT2 conteñen rexistros de capturas, ingresos, prezos medios, etc dende o ano 2017 ata a actualidade.

- Obtención da CPUE diaria de cada especie (capturas por unidade de esforzo), a partir dos datos diarios do número de mariscadores e da captura total de cada especie-recurso. Esta información nos dá unha estimación indirecta do estado dos bancos.

DATA	MARISCADORES	INDIVIDUOS	IMPORTE	PRECIO	C.P.U.E.
05/03/2021	2,00	300,00	60,00	0,20	150,00
15/03/2021	2,00	600,00	120,00	0,20	300,00
16/03/2021	2,00	600,00	120,00	0,20	300,00
17/03/2021	2,00	500,80	100,16	0,20	250,40
25/03/2021	2,00	700,00	140,00	0,20	350,00
TOTAL MEDIA	**2,00**	**540,16**	**108,03**	**0,20**	**270,08**

Fig. 3: Exemplo de táboa co cálculo da CPUE de poliquetos a pé do mes de marzo de 2021.

- Recompilación e desglose da cantidade de recursos que se extraen en cada un dos bancos a partir das follas de control diarias que cubren os propios profesionais onde se indica a zona diaria de traballo. Con esta información pódese coñecer o estado dos recursos nas distintas zonas de extracción incluídas nos Plans de Explotación así como facer un mellor cartografado da actividade extractiva Tamén podería ser de utilidade no caso de que sexa necesario realizar algunha mellora da produción.



Fig. 4: Capturas de navalla desglosadas por bancos de extracción durante o ano 2020.

- Programa periódico de mostraxe indirecto dos bancos marisqueiros do ámbito territorial da entidade, con controis de tamaño nos puntos de control para a navalla, percebe e ourizo. Usando como ferramenta de traballo a aplicación informática ARouSA calcúlase a frecuencia das tallas, a porcentaxe comercial da especie e pódese ter unha avaliación dos stoks. Fíxose unha recompilación dos controis de tamaño realizados dende o ano 2017 (antes do ano 2020 estes controis foron realizados pola bióloga de zona) e introducíronse estes datos nas follas AT2.

OURIZO	%	mm	mm	mm
Data	%NonCom	Tmed	Tmax	PC95
03/03/2021	10,00	68,65	81,00	78,59
25/03/2021	0,00	72,01	84,00	80,26
06/04/2021	0,00	71,08	81,00	79,60

Fig. 5: Controis de tamaño do ourizo realizados durante o ano 2021

PERCEBE	%	mm	mm	mm
Medias anuais	%NonCom	Tmed	Tmax	PC95
2017	0,54	20,85	38,00	48,75
2018	3,82	19,38	33,00	37,95
2019	0,00	21,64	27,00	26,04
2020	3,41	24,29	30,00	31,42
2021	2,67	18,78	24,00	23,31
Máx. histórico	5,88	33,84	39,00	50,99

Fig. 6: Medias anuais de todos os controis de tamaño de percebe realizados dende o 2017

D. Outras actividades

- Realizáronse varios controis gonadais do ourizo durante a campaña extractiva para coñecer po seu estado reproductivo Tamén se está comezando a realizar estes controis na navalla.

- Realizouse o cartografado e o xeorreferenciado definitivo dos bancos marisqueiros de extracción de ourizo (para a súa remisión ao INTECMAR) como así ven recollido na ficha do correspondente Plan.



Fig. 8: Localización das zonas principais de extracción durante o ano 2021.

BANCOS	COORDENADAS
Queiruga Dende Pta do Pombal ata Pta Furna	1. Latitude: 42°40'50.87"N Lonxitude: 9° 1'49.75"O 2. Latitude: 42°39'58.70"N Lonxitude: 9° 2'25.29"O 3. Latitude: 42°40'2.94"N Lonxitude: 9° 2'48.62"O 4. Latitude: 42°40'25.69"N Lonxitude: 9° 2'39.81"O 5. Latitude: 42°40'46.17"N Lonxitude: 9° 2'14.66"O
Caamaño Dende Pta Furna a Pta Rio Sieira	1. Latitude: 42°40'2.24"N Lonxitude: 9° 2'48.85"O 2. Latitude: 42°39'59.71"N Lonxitude: 9° 2'32.76"O 3. Latitude: 42°39'4.95"N Lonxitude: 9° 2'21.99"O 4. Latitude: 42°39'0.86"N Lonxitude: 9° 2'34.25"O 5. Latitude: 42°39'28.06"N Lonxitude: 9° 2'53.30"O 6. Latitude: 42°39'47.79"N Lonxitude: 9° 2'51.86"O

Fig. 9: Exemplo do xeorreferenciado de dous dos bancos do Plan.

- Mostraxe periódica de percebe para coñecer tanto o ciclo coma o estado reprodutivo desta especie. Para este fin, mensualmente, recoléctanse 30 individuos da mesma zona de extracción os cales son analizados para detectar a presencia ausencia de ovisacos así como outras observacións pertinentes.



Fig. 9: Fotografías destas mostraxes.

- Na actualidade, estase a realizar o cálculo da merma en peso da navalla, xa que ao realizar a venta desta especie noutra lonxa distinta da de descarga nótase unha diminución importante de peso durante o transporte. Estes cálculos levaranse a cabo durante varios meses co fin de ser recollidos no próximo Plan de Xestión desta especie.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Con motivo da presenza do arroaz denominado "Confi" nas augas da nosa Ría e debido ás interaccións producidas cos mergulladores que se dedican á extracción da navalla, decidimos organizar, xunto coas Cofradías de Noia, Portosín e Muros, unha charla formativa-coloquio dirixida aos profesionais deste sector para o seu asesoramento, principalmente, e demais xente interesada. A charla foi impartida por Alfredo Fernández López, Doutor en Bioloxía e membro da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA).

CONCLUSIÓNS

Finalmente queremos destacar a importancia que ten o financiamento de este tipo de proxectos xa que é una oportunidade para aproveitar o valor económico e social que aporta unha xestión adecuada dos espazos naturais. Deste xeito foméntase a extracción dos recursos mariños dun xeito equilibrado, responsable e sostible: compatible coa conservación da natureza, potenciando o papel das entidades asociativas do sector como coxestores dos recursos pesqueiros e contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos profesionais do sector.